

"O Himno Galego"

Proposta didáctica (música)



Pascual Veiga

Teodosio Ramírez Jorquera

Javier Cabana Casas

Miguel Brotóns Pérez

Pilar Beiro Crespo

Luis Rodríguez Rey

Oscar Martínez Iglesias

Páx. 2	Presentación
Páx. 3	Unidade didáctica para 2º curso da E.S.O.
Páx. 9	Materiais de traballo.
Páx. 16	Bibliografía.

PRESENTACIÓN

Como moitas outras ideas, dunha xuntanza de amigos que nalgún momento das súas vidas profesionais coincidimos en Ferrol, xurdiu o proxecto que agora presentamos: unha proposta didáctica en torno ó himno galego.

No labor docente do día a día, non é un obstáculo a busca de información, hoxe en día mais accesible que nunca, senón reunila, depurala e darlle forma, de xeito que a transmisión de coñecementos e valores ós alumnos sexa o máis efectiva e grata posible.

Pois ben, nós quixemos aportar o noso grao de area nesta tarefa proporcionando, non unha obra rematada e pechada, senón un punto de partida para a aplicación flexible en distintos contextos educativos. Nas vindeiras páxinas amósase un exemplo de unidade didáctica para un nivel concreto, o 2º curso da E.S.O. , pero tamén atoparedes moitas máis propostas didácticas que cada quen poderá desenvolver no seu ámbito docente.

Nos integrantes do grupo hai mestres de educación musical, profesores de ensino secundario e de linguaxe musical, de centros de Ferrol, Narón, Pontevedra e Vigo; e xa podeades imaxinar que a diversidade de puntos de vista e o calendario fixeron que a coordinación e toma de decisións resultaran máis complexas e laboriosas do que inicialmente pensamos; pero ó mesmo tempo foi unha experiencia enormemente enriquecedora que esperamos repetir no futuro.

Finalmente, queremos expresar a nosa gratitude pola súa colaboración a Manolo Rei (I.E.S. “Concepción Arenal”), a Pedro Sanz (Real Coro Toxos e Frores) e ó Excmo. Concello de Ferrol pola súa publicación.

Desexando que vos sexa de utilidade, recibide unha forte aperta

Teo Ramírez (Coordinador)

inicia.es/de/teo_ramirez/recursos.htm



A presente unidade desenvolverase durante o último trimestre rematando para o Día das Letras Galegas. Pódese vincular con outras unidades da programación, dende distintos planos: o folclore, o canto a varias voces, etc. Os coñecementos previos necesarios son os seguintes:

Linguaxe musical:

O Compás de catro por catro; a corchea con puntillo e semicorchea.

Expresión vocal:

Entoación dun ámbito de oitava sen alteracións; mínima corrección na respiración e impostación; ter adquirido o hábito do canto coral a unha ou dúas voces.

Expresión instrumental:

Execución de sinxelas melodías na pequena percusión de placas; destreza mínima co bombo e algo maior coa caixa.

Os principios metodolóxicos considerados pasan por unha potenciación da autonomía na procura de información, o traballo en equipo, a participación activa e a posibilidade de traballar a unidade con independencia do estadio evolutivo concreto dos alumnos. Pola outra banda, a propia natureza dos contidos non é allea ó entorno dos alumnos e posibilita grandemente a conexión interdisciplinaria coas áreas de Lingua galega e Ciencias sociais. Nos traballos de investigación as fontes de información deben de ser o máis variadas e fiables posibles.

O plantexamento, moi focalizado nun tema concreto, fai que intencionadamente o bloque de contidos preponderante sexa o da música no tempo. Sen embargo, en cada entorno concreto educativo, pódense incluír outros contidos dos bloques aquí obviados; na primaria e grao elemental de música, pode ser moi recomendable desenvolver actividades de movemento, dramatizacións, etc.

No Bacharelato non deberíamos atopar problema na realización de análises musicais e sociolóxicas de certa complexidade, e mesmo de interpretar o himno completo na súa tesitura orixinal e cunha instrumentación e harmonización mais rica.

Neste nivel sería moi enriquecedor facer unha visita ós lugares e museos adecuados, así como asistir a unha interpretación de calidade do himno nalgún concerto ou acto cultural.

A presenza dalgúns contidos transversais ó currículo pódese implantar dun xeito moi evidente en moitos deles. A modo de exemplo:

Educación ambiental	¿Por qué Os pinos son un símbolo de Galicia? ¿Protexer o noso patrimonio natural é un xeito máis de protexer a nosa identidade?.
Educación para a paz	A tolerancia e respecto pola diversidade cultural.
Educación para a igualdade de oportunidades dos sexos	Na interpretación vocal e instrumental colectiva o reparto de tarefas é sempre dependente de condicionantes persoais alleos ó nivel de desenvolvemento individual.
Educación para a saúde	Adquisición de hábitos correctos na práctica vocal.
Educación para o lecer	Achegamento ás manifestacións culturais populares baixo un punto de vista lúdico, xa dende a faceta da interpretación colectiva, espontánea ou non, xa dende a postura do espectador.
Educación para o consumo	Aprecio pola calidade das audicións e uso racional dos materiais escolares. Así, por exemplo, un mural en cartolina pódese empregar polo outro lado para elaborar un novo.

Os dous obxectivos principais que queremos acadar coa unidade son:

Coñecer os datos básicos da orixe e historia do Himno Galego, indagando nas circunstancias históricas nas que xurde.

Mellorar as capacidades comunicativas así como a integración e comprensión do noso entorno, especialmente dos alumnos e alumnas procedentes doutras comunidades e países.

Os obxectivos concréntanse nos seguintes contidos:

Bloque	Contidos principais	Contidos secundarios
Linguaxe musical		-Reforzo dalgúns elementos rítmicos sinxelos: corchea con puntillo-semicorchea, anacruse, etc. -O mordente.
Movemento e danza		-Ritmo procesional; marchas; exploración das posibilidades escénicas.
Expresión vocal e canto	-Interiorización tanto da melodía como do texto a través do canto.	-Reforzo da entoación diatónica nun ámbito de oitava, da respiración, impostación e empaste.
Expresión instrumental	-Interpretación do himno a partir da notación musical.	-Reforzo da práctica instrumental. -Práctica do mordente. (no arranxo instrumental a caixa interpreta mordentes, pero a notación fíxose con figuras convencionais)
A música no tempo	-Datos biográficos básicos sobre Veiga, Pondal e Xosé Fontenla Leal. -A orixe e historia do himno; o cambiante contexto social, cultural e político. -Valoración do himno galego como expresión da loita dun pobo na defensa da súa cultura e identidade. -Identificación persoal cun símbolo de especial e fondo significado para os galegos, así como recoñecemento do labor daqueles que o fixeron realidade.	-O Rexurdimento; a tradición coral en Ferrol. -Introducción á mitoloxía galaica e, en xeral, á dos pobos celtas. -As variedades da lingua; características da linguaxe de Pondal; análise do texto. -Relación dos parámetros musicais co texto; convencionalismos compositivos e valoración estética. -A semiótica e a música; o poder comunicativo do que en aparencia non é mais que un conxunto ordenado de notas e letras; a evocación.

Os recursos necesarios son os instrumentos da aula, gravacións do himno, fontes de información suficientes (poden servir os materiais de traballo anexos) e copias do texto e da música para os alumnos.

Propoñemos unha temporalización en catro sesións, mais cómpre lembrar que, a raíz de dificultades especiais, podería ser necesario adicar mais tempo á práctica instrumental ou vocal, e mesmo a actividades de ampliación, consolidación ou reforzo .

PRIMEIRA SESION

Duración estimada	Descrición da actividade
5 minutos	-Nun “remuíño de ideas” apórtanse posibles definicións para a palabra “Himno”. Apúntanse na pizarra sen facer ningún comentario. Tamén se pode debater en pequeno grupo, se o número de alumnos así o fai aconsellable. (Neste caso o profesor pode empregar o tempo para escribir a letra do himno na pizarra.)
10 minutos	-Colectivamente coméntanse as distintas propostas e contrástanse coas definicións dun dicionario básico (pódese empregar un dicionario escolar) e outro de recoñecido prestixio. O profesor describe brevemente a unidade didáctica que imos traballar e indaga sobre o punto de partida. ¿Alguén sabe quen o fixo? ¿De qué fala?...
5 minutos	-Reparto de tarefas de investigación por grupos sobre Pondal, o Rexurdimento, o Himno Galego, Fontenla Leal, Breogán, e Veiga. (Téñase presente que aquí amósanse os temas ordenados pola relativa abundancia de información no entorno escolar; así, normalmente é moito máis doado atopar información sobre Pondal que sobre Pascual Veiga.). O profesor pode recomendar ou aportar algunhas fontes de información, así como suprimir ou engadir temas. (Véxase o apartado de bibliografía e recursos ó final da unidade). Cómpre establecer neste momento a data de exposición dos distintos traballos e a do exame.
5 minutos	-Escoitamos erguidos solemnemente o himno galego. (O texto debe de estar visible na pizarra)
Ata o remate da clase	-Reparto das partituras, adaptación á instrumentación usual na aula e comezo do ensaio, segundo a metodoloxía que o profesor considere. Pode ser necesario facer unha pequena avaliación previa que recomende ou non o repaso dos coñecementos previos sinalados na unidade. Cómpre que todos os alumnos vaian desenvolvendo os distintos papeis: canto coral, dirección, placas, bombo...

SEGUNDA SESION

5 minutos	-Escoitamos erguidos o himno galego, preferentemente nunha versión distinta á xa escoitada na anterior sesión.
30 minutos	-Exposición dos temas elaborados en grupo. O profesor sinalará os datos concretos a anotar no caderno. Se é o caso, no seu lugar pódese visualizar algún vídeo sobre algún dos temas.
Ata o final da clase	-Ensaio colectivo.

TERCEIRA SESION

20 minutos	<p>-Empregando a dinámica de grupos que o profesor considere mais axeitada, e tendo obtido xa moita información, tentamos responder a distintas cuestións sobre:</p> <p>O poema de Pondal: ¿Quen son “os rumorosos”? ¿A qué se refire Pondal cando fala das “altas copas de escuro arume arpado”? ¿Cal é o “fogar de Breogán”? ¿Qué é un “bardo”?...</p> <p>Funcións sociais da música: ¿Por qué se compoñen himnos? ¿Cales coñecemos? ¿Porqué case todos levan letra? ¿Cál é a mensaxe do texto de Pondal?...</p> <p>Calquera outra cuestión que o profesor considere oportuna.</p>
20 minutos	-Debate e corrección das respostas. Téñase presente especialmente aquí a conexión interdisciplinaria con outras áreas en contidos como os recursos estilísticos, o Rexurdimento, o galego normativo e outras variedades, etc.
Ata o final da clase	-Ensaio colectivo. (¡nesta sesión non escoitámo-lo himno!)

CUARTA SESION

Ata 10 minutos antes do remate	-Sesión de avaliación dos contidos conceptuais traballados, así como da propia unidade didáctica e a nosa intervención educativa. (desenvolvemento por escrito, cuestionario, entrevista, etc.). Nalgún caso, pódense propoñer tarefas de reforzo-recuperación, como, por exemplo, a elaboración dun mural sobre o Himno galego.
10 minutos	-Gravación do “Concerto final” para conmemorar o Día das Letras Galegas. (interpretamos o himno erguidos.)

A avaliación dos contidos actitudinais e procedimentais farase por observación directa na aula durante as actividades. Deste xeito a avaliación poderá ser realmente formativa, detectando e corrixindo as disfuncións no proceso educativo no momento en que se produzan. No obstante, propoñemos dedicar un tempo na última sesión para a medición de aspectos concretos, como pode ser o caso dos datos e conceptos traballados.

Durante a fase de valoración no proceso avaliador, non semella axeitado aplicar a todos os contidos un normotipo criterial pechado, se non máis ben personalizar os criterios en atención ós distintos entornos familiares, culturais e de procedencia xeográfica; este pode ser o caso de contidos actitudinais concretos.

Dende o punto de vista da investigación educativa, suxírese a toma de notas sobre as incidencias e dificultades xurdidas, que sirvan de apoio para un proceso de continuo perfeccionamento da unidade.


OUTRAS PROPOSTAS DIDÁCTICAS

- Investigar a realidade social do himno a partir de periódicos, televisión, enquisas, etc.
- Preparar unha conferencia elaborando transparencias, diapositivas, etc.
- Facer unha reportaxe gráfica das rúas de Pondal e Veiga e da Praza do Himno Galego.
- Propoñer alternativas á música e ó texto do himno galego.
- Gravación ou concerto coa nosa propia versión.
- Compoñer himnos para outros fins.
- Plasmar nun musicograma os elementos formais, melódicos, etc. da partitura de Veiga.
- Investigación dos rexistros sonoros históricos do himno.
- Elaboración dun vídeo no que explicamos o aprendido.
- Investigar os elementos diferenciais e comúns con outros himnos.
- Debates organizados entre opinións contrarias.
- Investigar o uso oficial dos símbolos de Galicia e a súa protección legal.
- Escenificación e gravación en vídeo dos eventos mais subliñados na historia do himno.
- Exposición de murais nun lugar relevante do Centro.
- Elaboración de mapas conceptuais do aprendido.
- Declamación do texto de Pondal baixo distintos supostos emocionais.

O Himno Galego

Reflexo dunha identidade e cultura propia conformada ó longo dos tempos, o himno galego é o símbolo acústico mais solemne e transcendental de Galicia como comunidade política.

O texto é unha exhortación ó despertar de Galicia, “Fogar de Breogán”, do seu sono secular. Do mesmo xeito que non aparece explicitamente a palabra “Galicia”, o autor diríxese ó pobo galego como os “rumorosos piñeiros”.



Aínda que o coordinador Xosé Fontenla Leal pedira primeiramente unha letra a Curros Enríquez e a música a Castro “Chané”, o 20 de decembro de 1907, a banda Municipal da Habana (Cuba), fundada e dirixida por Guillermo Tomás, fixo o estreo da obra de Pascual Veiga 'Os Pinos' que, con coas primeiras estrofas do texto do mesmo nome de Eduardo Pondal, sería co paso do tempo o himno galego. Por tanto, na súa orixe, foi froito da emigración galega e foi interpretado por vez primeira en Galicia pola coral “El Eco” e o “Real coro Toxos e Frores” de Ferrol no verán de 1915, ó remate dun concerto benéfico na Coruña.



Dende o comezo da Dictadura no 1936 ata a etapa do aperturismo só se interpretaba en actos culturais como unha canción máis do folclore galego, disfrazando toda ideoloxía nacionalista. En 1975, mentres tiñan lugar uns actos folclóricos na festa do Apóstolo, a xente comezou a erguerse ó soar do himno. O ano seguinte instaurouse este costume de xeito definitivo na Praza da Quintana, engadindo unha 2ª parte non recoñecida oficialmente. Os centralistas aceptárono finalmente na campaña electoral de 1977.

O texto orixinal de Pondal é o seguinte:

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?

¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

-“Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán”.

“Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os ignorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non”.

“Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a rendezón da boa
nazón de Breogán.”

Eduardo Pondal



Eduardo González-Pondal Abente, “O Bardo de Bergantiños”, naceu en Ponteceso en febreiro do ano 1835, e estudou Medicina en Santiago. De estudante frecuentaba tertulias literarias progresistas e participou no banquete de Conxo, organizado polos estudantes liberais en 1856, en homenaxe "ao terceiro estado", no que fraternizaron obreiros e estudantes. Ao rematar a carreira en 1860 exerce como médico en Ferrol. Fixo oposicións en Madrid ao corpo de sanidade militar, pero renunciou á praza e voltou a Galicia. . Morreu nun hotel de Coruña en 1917.

A obra e o pensamento de Pondal estivo moi influenciada por Murguía: ambos apoiáronse no pasado da Galicia soberana para espertar ó seu pobo. Pondal exalta na súa obra ós antigos heroes e bardos celtas.

No ano 1965 dedicóuselle o Día das letras galegas.

Pascual Veiga Iglesias



Nace en abril do ano 1842 e estudia música na súa cidade natal, Mondoñedo. Foi director e fundador de orfeóns, compositor, organista na catedral de Betanzos e na colexiata de Coruña e profesor do Conservatorio Nacional de Madrid, cidade na que morreu no 1906, o ano anterior ó estreo na Habana do Himno Galego.


A súa “Alborada Galega” con texto de Francisco M^a de la Iglesia, coñecida popularmente como “Alborada de Veiga”, é un símbolo da nosa música a pesares de ter sido criticada por afastarse das tradicionais nalgúns aspectos.

Xosé Fontenla Leal

Nado en Ferrol , emigrou a Cuba ós catro anos cos seus pais onde formouse intelectualmente, chegando a ter unha das mais importantes bibliotecas da época e mantendo contacto permanente con emigrantes e intelectuais galegos. Fervente defensor da nosa cultura e idioma, foi o impulsor da creación do Himno Galego.

No 1905 convence ó seu amigo Curros Enríquez -tamén emigrado na Habana por aqueles anos-, da necesidade de crear a “Asociación Iniciadora e protectora da Academia Galega”. Froito desta iniciativa xurde ó ano seguinte a “Academia da Lingua Galega” baixo a presidencia de Manuel Murguía, concedéndolle o Rei Alfonso XIII o título de “Real” no 1906. Fontenla Leal morreu na Habana no ano 1919.

No barrio ferrolán de Esteiro as rúas de Eduardo Pondal e Pascual Veiga conflúen na Praza do Himno Galego. Como homenaxe da súa cidade natal o busto de Fontenla Leal érguese nesta praza, ademais de ter dedicada a rúa co seu nome no barrio de Caranza.




Breogán

Na mitoloxía galega, Breogán (ou Breoghan ou Breachdan), fillo de Brath, é o xefe dunha tribo celta fundadora de Brigantia (Brigantium), a actual Coruña, supostamente no século V ou VI antes de Cristo. Segundo o libro das invasións de Irlanda, o “Leabhar Gabhala” , Breogán tivo un fillo chamado Milé que foi a combater contra os habitantes do Eire (Irlanda).

A torre ou faro que Breogán fixera levantar, foi reconstruída e rebautizada polos romanos como Torre de Hércules.

O “Rexurdimento”



"Rexurdimento" é o proceso de recuperación cultural, política e histórica que se deu na nosa historia no século XIX.

Os seus comezos foron a publicación de textos propagandísticos en galego en defensa das ideas liberais. Pódese dicir que coa obra de Rosalía de Castro “Cantares Gallegos”, publicada no 1863, o Rexurdimento chega á súa plenitude. Seis anos despois Pondal publica a súa obra “Queixumes dos pinos”.

Arranxo para ensamble de percusión

A partitura orixinal de Veiga non é axeitada para o traballo na aula en moitos dos niveis educativos. Unha tesitura de 12ª , o uso de alteracións accidentais e a tonalidade orixinal de Fa maior , ademais de dificultar moitísimo a interpretación instrumental e vocal, requiren coñecementos teóricos de certa complexidade. A prol da versatilidade do arranxo, fixemos unha versión simplificada, transportando o himno a Do maior e suprimindo as últimas estrofas, as cales son as que presentan maiores dificultades. De tódolos xeitos, incluímos tamén a melodía orixinal completa.

A instrumentación suxerida é de metalófonos e xilófonos agudos (a liña de contraltos pode ser interpretada tamén por agudos), e xilófonos baixos ou tenores (ou marimba).

A voz superior pódese dobrar con frutas ó unísono e os contraltos tocando unha oitava superior, ou ben con frutas contralto . (Cómpre face-lo transporte).

O baixo pode ser dobrado tamén por un instrumento dunha tesitura similar; xa que moitos modelos de órganos electrónicos poden facer unha base harmónica dun xeito case automático, cabe a posibilidade de empregar un para ámbalas dúas funcións. En calquera caso, os integrantes da voz superior serán sempre os máis numerosos.

Conséguese un mellor equilibrio sonoro se todas as notas “Do” no baixo que non pechen unha frase, se executan á oitava superior. (Na procura da maior claridade e facilidade de lectura, todos aparecen escritos nesta parte na 1ª adicional por debaixo do pentagrama).

“Os Pinos”

Orixinal

Melodía

The image shows a musical score for the piece "Os Pinos". It consists of nine staves of music. The first staff is labeled "Melodía" and starts with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a 4/4 time signature. The melody is written in a single line. The subsequent eight staves are arranged in pairs, with the top staff of each pair containing the melody and the bottom staff containing a bass line. The bass line is written in a single line on a five-line staff. The music is in a simple, folk-like style with a mix of eighth and quarter notes, and rests. The piece concludes with a double bar line at the end of the ninth staff.

"Os Pinos"

Arreglo: T. Ramírez

Sopr.

Contr.

Baixos/
tenores

Caixa e
bombo

The first system of the musical score consists of four staves. The top staff is for Soprano, the second for Contralto, the third for Baixos/tenores, and the fourth for Caixa e bombo. The music is in 4/4 time. The Soprano and Contralto parts have identical melodic lines. The Baixos/tenores part has a lower melodic line. The Caixa e bombo part features a rhythmic pattern with accents and a drum symbol.

The second system of the musical score continues the four parts from the first system. The Soprano and Contralto parts have identical melodic lines. The Baixos/tenores part has a lower melodic line. The Caixa e bombo part features a rhythmic pattern with accents and a drum symbol.

The first system of the musical score consists of four staves. The top two staves are in treble clef and contain a melody with eighth and sixteenth notes, including some grace notes. The third staff is in treble clef and contains a bass line with quarter and eighth notes. The bottom staff is in bass clef and contains a bass line with quarter and eighth notes, including some grace notes. The system is divided into four measures.

The second system of the musical score consists of four staves, similar in structure to the first system. The top two staves are in treble clef and contain a melody with eighth and sixteenth notes, including some grace notes. The third staff is in treble clef and contains a bass line with quarter and eighth notes. The bottom staff is in bass clef and contains a bass line with quarter and eighth notes, including some grace notes. The system is divided into four measures.

Unha das premisas para a elaboración do presente traballo foi comprobar por nós mesmos as posibilidades das novas tecnoloxías na busca de información, de xeito que unha parte importante das fontes reseñadas non son literalmente bibliográficas se non direccións en Internet nas que podedes atopar datos de interese. Facer constar ademáis que, segundo algunhas fontes, o texto do himno podería conter error como a substitución do término “Clan” por “Chan”. Tamén hai fontes que apuntan que o verdadeiro autor da música sería o fillo de Pascual Veiga.

O HIMNO EN XERAL, DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA E XOSE FONTENLA

“Gran enciclopedia gallega”
Silverio Cañada, editor.

“Los símbolos gallegos” (1983)
Baldomero Cores Trasmonte.

“Símbolos de Galicia” (1979)
Helena Villar Janeiro y Xesús Rábade Paredes. Patronato Rosalía de Castro.

“Historia de Galicia”
(Varios autores) Alhambra.

“Galego.org”
<http://galego.org/>

Xunta de Galicia
<http://www.xunta.es/xeral/cifras/galego/ghino.htm>

El Correo Gallego
<http://www.elcorreogallego.es/>

Páxina persoal de “30SF002” (Alvaro)
<http://members.es.tripod.de/SF002>

La guirnalda polar (Web Hispano-Canadiense)
<http://www.vcn.bc.ca/>

Páxina Web da emigración española en Uruguai
<http://www.internet.com.uy/moebius>

The celtic Galicia (A Mámoa de Dumbría)
http://members.es.tripod.de/Celtic_Galiza/index.html

PASCUAL VEIGA

“Biografía de Pascual Veiga” (Lugo 1951)
Xosé de Cora

“Cancionero musical de Galicia”
Casto Sampedro y Folgar. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA.

EDUARDO PONDAL

“O Galego no terceiro milenio (Proxecto Tomiño)”
<http://www.galego21.org/>

Asociación Bibliotecaria Galega
<http://www.spid.net/webs/abg/Galego/Autores/index.html>

BREOGAN

“Breogán” (Vigo 1998, Colección “Mitos e lendas”)
Xabier P. Docampo.

“Sitio al margen”
<http://www.almargen.com.ar/>

GRAVACIONES EN INTERNET

Acceso á base de datos do “Centro superior bibliográfico de Galicia”
http://biblio.cesga.es:81/screens/fr_virtual.html

“Sitio al margen” (Versión instrumental en formatos MP3 e RealAudio)
<http://www.almargen.com.ar/>

“Xunta de Galicia” (Versión vocal en formatos WAV, MP3 e RealAudio)
<http://www.xunta.es/xeral/cifras/galego/ghino.htm>

Nota: O directivo, ex-corista e historiador Juan José Rodríguez de los Ríos está a investigar a historia do Real Coro Toxos e Frores para a súa publicación.



Revisado en Xullo do 2002